

168

Buenos Aires, 25 de Xaneiro de 1965.

Sr.D. Ricardo García Suárez

Vigo

Meu querido amigo:

Eiquí quedou per unha confusión que non me perdono, e exemplar de "Homenaje a Venecia" destinado a tí. Onte, revisando unha morea de paquetes no meu estudio, atopeino, co disgusto que pedes maxinarte pois tiña creído estaría xa no teu poder. Supeño que xa/terás visto, pois envielle un exemplar a Pace. Trátase de once grabades en cer nos que intente ofrecer unha versión de Venecia. Tés que perdearme por non tele remitido denantes, supoñía que o tiña levado ao correo e mesmo día de de Del Riego. Traballe bastante. Dende que cheguei fixen tres murales, gravei ise nove álbum, mais outre, "Bestiario", que sairá no préisimo mes. Calculamos que pra setembro estaremos novamente en Galicia co propósito de quedarnos e mais tempo posíbel. Lembrámonos de tedes vos, e a tí, e mais a Mimí, estamos Maruja i eu moi agradescidos pol-as vesas atenciós. Un destes días enviareille a Del Riego unha lista de publicaciós miñas, de dibuxos e grabades, e unha lista de exposiciós, etc., pra compretar a monografía de Domingo, que me escribiu fai poucos días e dime que por estas datas entregaba o seu traballe a Galaxia. Si che escribe que sinto facerche traballar no coidade dela, mentiría. Estou contento de que ti proyectes e cuides da edición.

Unha grande aperta pra Mimí e pra ti de Maruja e miña: